




FIN DA FASE 1 - APRENDIZAXE INTERREXIONAL!

O intercambio de experiencias e boas prácticas na Fase 1 foron introducidas e debatidas nunha serie de obradoiros internacionais. Adicionalmente, realizáronse varias visitas *in situ*, para lles dar aos socios visitantes a oportunidade de abordar cuestións específicas e de recibir asistencia e traballar de xeito conxunto na preparación do Plan de Acción.

Queres saber máis sobre o proxecto TITTAN? Pica na icona de abaixo

<https://www.youtube.com/watch?v=buxm8Z7VgBM>



-ACTIVIDADES DO SEMESTRE 5-

OBRADOIROS

OBRADOIRO INTERREXIONAL SOBRE SAÚDE PERSONALIZADA

En Milán, o 11 de abril de 2018, tivo lugar o primeiro obradoiro interrexional sobre saúde personalizada. Inaugurado polo Ministro de Sanidade de Lombardía, Giulio Gallera, reuniu os representantes rexionais e varios grupos de interese europeos para dar o primeiro paso de cara a unha coordinación interrexional no ámbito da saúde personalizada e recolleu tamén datos importantes sobre a situación actual da medicina personalizada. Foron discutidas as áreas de futuras cooperación interrexionais: os macrodatos (Big Data), a historia clínica electrónica, como se conectarán e integrarán, a industria sanitaria, facilitar o fluxo de innovación da atención médica, así como a investigación e innovación responsables.



OBRADOIRO SOBRE TECNOLOXÍA PARA O ENVELLECIMENTO SAUDABLE

Os días 7 e 8 de maio de 2018, a provincia da Baixa Silesia acolleu o sexto Obradoiro Interrexional do Proxecto TITTAN co tema: *Tecnoloxías para o envellecemento saudable*.

No primeiro día do obradoiro, cada unha das rexións do Proxecto TITTAN presentou os plans de atención para os seus maiores e, sobre todo, as boas prácticas innovadoras dos socios do proxecto que faltaban por presentar. O 8 de maio de 2018, o segundo día do obradoiro, os hóspedes visitaron o Museo de Papelaría en Duszniki Zdrój (un lugar onde se desenvolven obradoiros de papel) e o sanatorio Łądek Zdrój, na Baixa Silesia. Durante a estancia no sanatorio histórico, houbo varias conferencias sobre a terapia de radon, a titulada *Masaxes médicas e balneoterapia*, así como sobre as boas prácticas *Living it Up* e *TEC*.



VISITAS IN SITU

VISITA IN SITU A ALMERE - Amsterdam e Almere, do 24 ao 25 de abril

Unha delegación vasca visitou Holanda para adquirir máis coñecemento das boas prácticas presentadas na terceira área temática: Cidadáns activos para un envellecemento saudable. O socio holandés e as súas partes interesadas presentaron *SeniorLive*, *Age Friendly City*, e o proxecto *Amsterdam Healthy Weight*.



O primeiro día, o Concello de Amsterdam expuxo o traballo que se desenvolve no proxecto *Age Friendly City*, que ten como obxectivo facer ambientes máis accesibles e adaptados ás diferentes necesidades e habilidades dos cidadáns con máis experiencia.

O segundo día dedicouse a un programa tamén promovido polo Concello, o *Amsterdam Healthy Weight*. Finalmente, os representantes da Universidade do País Vasco, que están a levar a cabo un proxecto de investigación destinado a incluír unha rutina de actividade física para persoas maiores, reuníronse coa iniciativa *SeniorLive*, que tamén busca fomentar a actividade física entre as persoas maiores a través das novas tecnoloxías (para o que previamente reciben a formación requirida).

VISITA IN SITU A GALICIA – Santiago de Compostela, do 18 ao 19 de xuño

O Servizo Galego de Saúde e a ACIS acolleron unha delegación do Digital Health & Care Institute (DHI) (Escocia), do Goberno da Baixa Silesia (Polonia), de *Healthy Saxony* (Alemaña) e de *Osakidetza* (o Servizo de Saúde do País Vasco) e da Fundación de Innovación e Investigación en Saúde do País Vasco.

O día 18, Javier Quiles, responsable de Sistemas Informáticos do Servizo Galego de Saúde, e Marta Sande, da oficina do proxecto IANUS, presentaron



IANUS e TELEA. IANUS ofrécelles acceso aos profesionais sanitarios ao historial clínico electrónico dos pacientes. E Telea é unha plataforma de teleasistencia dende a casa para pacientes crónicos. Pola tarde presentouse a plataforma E-Saúde que lles permite aos cidadáns consultar os seus rexistros de saúde persoais.

Durante o segundo día, os socios de Escocia e da Baixa Silesia visitaron o Centro de Saúde de Galeras para ver *in situ* a xestión co IANUS. Despois, toda a delegación visitou o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, onde se presentou a boa práctica *Rehabilitación Cardíaca*, un programa supervisado por profesionais da saúde para axudar os pacientes a se recuperaren de ataques cardíacos, da propia cirurxía cardíaca e dos procedementos de intervención coronaria percutánea.

VISITA IN SITU A ESCOCIA – Glasgow e Edimburgo, do 25 ao 26 de xuño

A ACIS e unha representante de HealthFactory (un dos interesados holandeses) reuníronse nunha visita *in situ* en Glasgow. Foron sesións interesantes sobre codeseño e os principios para involucrar os cidadáns en temas de atención asistencial e saúde.

O luns 25 de xuño Janette Hughes, líder do programa, presentou o calendario, obxectivos e logros de *Living it Up (LiU)*. Despois, a investigadora



Gemma Teal descubriu todas as actividades para involucrar os diferentes grupos de pacientes en obradoiros de codeseño. A continuación George Crooks, director executivo do DHI, falou dende a súa perspectiva do que se conseguiu e as futuras aspiracións. Pola tarde, Chaloner Chute, director técnico do DHI, falou dos subelementos de *LiU* absorbidos no Centro de Demostración e Simulación do DHI. Finalmente, Rui Cardoso, xefe de patrocinios, introduciu *CivTech* e como *CivTech* xestiona retos reais, desenvolvendo novos produtos e servizos máis rápidos e sinxelos, grazas á colaboración que se produce entre a experiencia do sector público e á creatividade do sector privado.

O día seguinte, o grupo reuniuse en Escocia con persoal do Servizo Nacional de Saúde e do Goberno escocés. Susana Fernández Nocelo, coordinadora de proxectos europeos da ACIS, explicou exemplos de Compra Pública Precomercial co proxecto 'EMPATTICS' ou de Compra Pública Innovadora cos programas 'Hospital2050' e 'InnovaSaúde'. A visita *in situ* terminou nas instalacións de *CivTech*, para coñecer exemplos de proxectos que están a desenvolver no seu espazo de cotraballo.

VISITA IN SITU A SAXONIA – Dresde, 2-3 de xullo

Presentado polo anfitrión, Healthy Saxony e os seus interesados; unha delegación do Digital Health & Care Institute e a Universidade de Strathclyde (Escocia) xunto con representantes do Goberno da Baixa Silesia (Polonia) visitaron Saxonia para coñecer máis sobre a plataforma de telemedicina *CCS Telehealth Ostsachsen (THOS)* e a rede de xeriátricos en Leipzig, *GeriNeTrainer*.



O primeiro día, o Dr. Olaf Mueller e os especialistas Martin Benedict e o Dr. Hannes Schlieter presentaron os servizos asistenciais do Carus Consilium Sachsen para a rexión e algúns servizos interesantes dentro de *THOS*. *THOS* é unha plataforma aberta que conecta clínicas, médicos, enfermeiras e provedores de servizos médicos ou pacientes dende a súa casa. Posteriormente, Juliane Wolf presentou a iniciativa *GeriNeTrainer*. O seu obxectivo é aumentar a competencia cotiá dos maiores, cun programa de actividades en grupos e/ou dende a casa. Despois, Carus Consilium Sachsen presentou outras iniciativas interesantes para a mellora do sistema de asistencia sanitaria.

No segundo día, foi presentado aos socios escoceses o Centro de Integración de Datos, establecido como un ecosistema para a investigación e a asistencia médica.

-PRÓXIMAS ACTIVIDADES-

- O **Informe do 3º Grupo de Acción** subirase á páxina web de InterregEurope
- Todas as **boas practicas de TITTAN** subiranse a InterregEurope.eu/tittan
- Setembro será un mes repleto de intenso traballo, elaborando os **Plans de Acción** para adaptar e implantar as boas prácticas máis interesantes en cada rexión.

Gemeente Almere



HEALTHY
SAXONY

NIEDER-
SCHLESISIEN



DOLNY
ŚLĄSK

PARTNERS



bioef

berrikuntza + ikerketa + osasuna eusko fundazioa
fundación vasca de innovación e investigación sanitarias



Para máis información:



Estean atentos a máis novas de TITTAN

Copyright © 2016 TITTAN All rights are reserved